



# UNHA GRAN FRUSTRACIÓN E UN ENGANO Á CIDADANÍA VIGUESA

## 1º.- O Novo Hospital de Vigo será máis pequeno

Redúcense en 380 camas respecto ao proxecto inicial.

## 2º.- Manterá a actual dispersión e non será un hospital central

O plan mantén a fragmentación e dispersión de hospitais, de Vigo, con unha dobre porta de urxencias, para manter a POVISA como hospital de área.

## 3º.- Renúnciase a obxectivos estratéxicos para Vigo

Redúcense á metade as camas de tratamento avanzado do cancro (Vigo sería referencia de Galicia) e abandónase o módulo de investigación ou docencia.

## 4º.- Discrimínase a Vigo e a súa área sanitaria

Se recorta a infraestrutura sanitaria máis necesaria de Galicia desde fai moitos anos. Unha escandalosa mostra da discriminación á que se somete á cidadanía que mais impostos achega ao goberno de Galicia

## 5º.- Un suculento negocio para a sanidade privada

Pretenden que o hospital constrúao unha asociación de empresas constituída por un banco, unha gran construtora e unha empresa sanitaria da comarca, á cales o SERGAS pagaría unha elevada cantidade ao longo dos trinta anos seguintes á súa inauguración. Esta fórmula multiplica o custo estimado de 360 millóns de euros por unhas seis ou sete veces.

## 6º.- Mais pequeno, máis caro e encima non será noso

Durante uns trinta anos gran parte dos fondos sanitarios destinados á atención, serán desviados para pagar aos propietarios privados do hospital uns enormes canons ou intereses. Haberá menos diñeiro para persoal sanitario e non sanitario, para os servizos de apoio ou para renovar o equipamento.

O Goberno frustra novamente as expectativas espertadas en Vigo polo Novo Hospital recortando unha parte importante do Plan para satisfacer, unha vez máis, aos intereses do coñecido hospital privado.



**Atreveríase a Consellería de Sanidade a promover isto mesmo na Coruña ou en Santiago?**

**MANIFESTACIÓN**

**XOVES, 29 DE OUTUBRO ÁS 20 HORAS  
dende o cruce de Gran Vía con Urzáiz**